



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



centro autonómico  
de formación e innovación

## **INFORME**

# **MOBILIDADE A MÓDENA DO PROFESORADO DO KA101 “PROFESORES COMPETENTES DESDE LA PERSPECTIVA STEM”**

Jesús A. García Rañales

Departamento de Formación, Innovación e Internacionalización

Javier Seoane Bascoy

Departamento de Educación Dixital

14 de Febreiro de 2019



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



centro autonómico  
de formación e innovación

1. Contexto
2. Loxística da mobilidade
3. Observación dos centros educativos
4. Propostas de mellora



## 1. CONTEXTO

O consorcio KA101 “Profesores competentes desde la perspectiva STEM” está conformado polos centros IES A Cachada, IES de Meaño, IES Pino Manso, IES Carlos Casares, IES Arcebispo Xelmirez II e IES da Pobra.

Esta foi a primeira das tres mobilidades previstas neste proxecto e desenvolveuse entre os días 10 e 13 de febreiro. Acudiron un profesor de cada centro participante e os asesores do CAFI Javier Seonae Bascoy (Departamento de Educación Dicial) e Jesús García Rañales (Departamento de Formación, Innovación e Internacionalización).

O obxecto da mobilidade era a observación docente dos centros que compoñen o [Istituto Comprensivo 3 di Modena](#), especialmente a **Scuola secundaria di I grado “Mattarella”** e as súas experiencias de traballo no ámbito do STEM.

## 2. LOXÍSTICA DA MOBILIDADE

O grupo de profesores desprazouse ata Módena o domingo día 10 de febreiro:

- Voo Santiago - Madrid
- Voo Madrid - Bolonia
- Bus Aeroporto de Bolonia - Estación Cetral de Ferrocarril
- Tren Bolonia - Móneda
- Taxis ao **B&B Hotel Módena**

O regreso realizouse invertendo a orde destas mesmas viaxes o mércores 13 de febreiro.

Debido ás distancias entre os centros educativos e destes ao hotel o profesorado desprazouse ata eles en dous taxis.




### 3. OBSERVACIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS

O luns día 11 o grupo de profesores e asesores desprazouse ata a **Scuola secondaria di I grado “Mattarella”** a primeira hora da mañá (8:30) xa que non se nos facilitara dende o centro receptor un horario de referencia para ese día a pesar de ser solicitado en diferentes comunicacións.



Á chegada o grupo foi recibido pola vicedirectora do centro que guiou unha pequena visita a parte das instalacións do centro. A Scuola Mattarella, ao igual que as escolas de primaria incluídas no IC3, traballa baixo a organización de aula-materia e neste contexto visitáronse inicialmente as aulas de arte e matemáticas (a primeira delas con alumnado e a segunda sen el). Posteriormente o grupo incorporouse á aula de tecnoloxía coa profesora Maria Beatrice Abbati.

Os profesores e asesores compartiron este espazo da aula de tecnoloxía coa profesora Abbati durante 3 horas. Neste período pasaron por ela tres grupos de alumnos de diferentes niveis, cada un dos cales traballou durante a sesión baixo a metodoloxía de *traballo por proxectos* en agrupamentos de 4 ou 5 alumnos. Cada agrupamento traballaba nun proxecto diferente sobre a mesma temática: esbozo inicial de ideas, elaboración de modelos, montaxes de compoñentes electrónicos educativos aplicados á temática, deseño de carteis...





XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



centro autonómico  
de formación e innovación

Durante este período de observación os docentes tiveron a visita do director do IC3 Daniele Barca que os convidou a visitar na tarde un grupo de alumnos doutra escola secundaria superior que estaban a prepara nas instalacións de Matarella unha competición de robótica educativa.

Logo de rematar a observación dos grupos da profesora Abbati a vicedirectora volveu acompañar ao grupo a unha visita por outros espazos do centro: aulas de lingua, ximnasio, biblioteca, etc.



Chamou especialmente a atención do profesorado participante na mobilidade a **alta dotación tecnolóxica** do centro e o **deseño dos espazos** adaptado ás necesidades de alumnado e profesorado. Deste deseño de espazos foron partícipes os propios docentes do centro durante a súa construción.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



centro autonómico  
de formación e innovación

Na tarde, o grupo tivo ocasión de visitar o traballo que un grupo de alumnos dunha escola de ensino secundario superior desenvolvían nas instalacións da Scuola Mattarella, para preparar unha competición de robótica educativa, coa colaboración da profesora Abbati.

No **martes 11** estaban contempladas as seguintes visitas a centros pertencentes ao IC3, acordadas con anterioridade á mobilidade co director Daniele Barca:

- 8:45 scuola primaria "M. L. King"
- 10:30 scuola primaria "Rodari"

Na *escuela primaria M.L King* o grupo foi recibido e acompañado por parte do profesorado do centro a unha visita ás instalacións: aulas, biblioteca, etc. O centro está organizado por aulas-materia, ao igual que o centro de secundaria do IC3, por onde van rotando os grupos de alumnas/os.



O grupo de profesores e asesores puido observar parte dunha sesión de clase-lectura no espazo da biblioteca.

As docentes do centro atenderon ao profesorado participante na mobilidade en todas aquelas preguntas e cuestións varias que lles presentaron. A colaboración por parte do profesorado de acollido foi total.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



centro autonómico  
de formación e innovación



Na *escola primaria Rodari* o grupo foi recibido e acompañado pola responsable do centro que guiou unha visita polas instalacións. Tiveron ocasión de observar parte dunha sesión de traballo no Thinker Space, onde os rapaces e rapazas traballaban nese momento facendo creacións con Scratch.



Puideron tamén presenciar parte dunha sesión na biblioteca cun dos grupos de alumnos e outra no laboratorio de ciencia.



Chamou a atención especialmente por parte do profesorado o feito de que en cada aula visitada houbera dúas docentes.

## **4. PROPOSTAS DE MELLORA PARA FUTURAS MOBILIDADES**

- Facerlle chegar ao profesorado con antelación os localizadores, billetes, reservas, etc. que precisen para a viaxe, con fin de que se fagan responsables a xeito individual dos seus desprazamentos.
- Contar co tempo de antelación suficiente cun **programa pechado das actividades a realizar** nos centros observados: persoas de contacto, horario, distribución en subgrupos de observación, materias a observar,...
- Supervisar na aula virtual que este ou outros proxectos europeos teñan asociada que todo o profesorado participante é consciente do **obxectivo da mobilidade** e que teñan feitas as **tarefas previas** asignadas. Isto permitirá un aproveitamento maior das observacións e formacións das mobilidades.
- O profesorado debe ser coñecedor, ademais dos obxectivos da mobilidade, do produto ou produtos que debe xerar logo desta: informe, difusión en eTwinning, tarefa...